

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE XUÑO DE 2024**

<b>ASUNTO:</b>	<b>APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS “A ” E “B”,</b>
<b>LICITACIÓN:</b>	<b>“Concesión dos Postos Vacantes nos Mercados de Marín e de Seixo.”.</b> <b>EXP.: 2023/SE068-004</b>

En Marín, na Casa Consistorial, sendo as 12:30 horas do día 17 de xuño de 2024, reúnese a Mesa de contratación do procedemento de licitación arriba indicado, formada polos seguintes membros:

**Presidenta:**

D<sup>a</sup>. María Ramallo Vázquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Marín.

**Vocais:**

D. Alberto Pensado Seijas, Secretario accidental do Concello, funcionario de carreira, técnico de administración xeral.

D<sup>a</sup>. Sonia David Cortegoso, funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de intervención.

D. José Antonio Graña Santaclara, funcionario pertencente ó corpo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de intervención.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Jesús Iglesias Barreiro, funcionaria de carreira, pertencente á escala de Administración Xeral, Técnica de Administración Xeral.

Pola Presidencia da Mesa de Contratación tense esta por constituída.

A secretaria deste órgano dá lectura aos licitadores que se presentaron a este procedemento de contratación:

Posto	
DNI/CIF	Nome
MERCADO DE SEIXO	
Lote 1: 1 / 2020	
Deserto	
Lote 2: 2 / 2008	
***1102**	Lucas Alberto Jose Guajardo
Lote 3: 6 / 2024	
Deserto	

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DCA100R009V1C0Z7A5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2023SE068-004</b>
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 14:30:21	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80013DCA100R009V1C0Z7A5



Lote 4: 8 / 2032	
Deserto	
MERCADO DE MARÍN	
Lote 5: 1012	
Deserto	
Lote 6: 1144	
***1102**	Lucas Alberto Jose Guajardo
Lote 7: 1224	
***1102**	Lucas Alberto Jose Guajardo
***1146**	Plaza de abastos de Marín N1228
***6212**	Sebastián Portas Molino
Lote 8: 1316	
***1374**	Cecilia Puga Tejero
***1102**	Lucas Alberto Jose Guajardo

Seguidamente, cada un dos membros da Mesa de Contratación formula manifestación expresa de que non concorre nos mesmos ningún conflito de interese que poida comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento.


A continuación, procédese á apertura mediante dispositivo electrónico (Plataforma de Contratación do Sector Público) dos sobres/arquivos electrónicos «A» e ao exame do seu contido.

Tras a apertura dos sobres a Mesa determina que a documentación administrativa presentada por Lucas Alberto José Guajardo non cumpre cos requisitos establecidos no prego de condicións que rexe a licitación, por non achegar o resguardo da constitución da garantía provisional, polo que, por unanimidade, acorda excluílo da licitación.

Constatao pola mesa que a documentación presentada polos demais licitadores é correcta, por unanimidade acorda ADMITIR os restantes licitadores que se presentan a este procedemento de contratación.

A continuación, en acto público, procédese á apertura dos sobres/arquivos electrónicos «B» e ao exame do seu contido:

Posto		
DNI/CIF	Nome	Oferta económica
MERCADO DE MARÍN		
Lote 7: 1224		
***1146**	María Esther Troitiño Iglesias	1.060,00 €

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DCA100R009V1C0Z7A5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2023SE068-004 Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 14:30:21	

***6212**	Sebastián Portas Molino	1.250,00 €
Lote 8: 1316		
***1374**	Cecilia Puga Tejero	1.737,00 €

Tras dito acto público e na mesma sesión, a Mesa procede a:

**Primeiro.-** Avaliar e clasificar as proposicións dos licitadores, na orde seguinte:

Posto			
DNI/NIF	Nome	Oferta económica	Puntos
MERCADO DE MARÍN			
Lote 7: 1224			
***6212**	Sebastián Portas Molino	1.250,00 €	100
***1146**	María Esther Troitiño Iglesias	1.060,00 €	84,80
Lote 8: 1316			
***1374**	Cecilia Puga Tejero	1.737,00 €	100

**Segundo.-** Propoñer a adxudicación das concesións administrativas dos postos vacantes nos mercados de Marín e de Seixo aos seguintes licitadores, por resultar as súas ofertas as máis vantaxosas economicamente para os intereses municipais, atendendo á mellor oferta económica:

POSTO	LICITADOR PROPOSTO	OFERTA ECONÓMICA
1224	Sebastián Portas Molino	1.250,00 €
1316	Cecilia Puga Tejero	1.737,00 €


**Terceiro.-** Requiritr ós licitadores propostos como adxudicatarios das autorizacións para que, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte ó do requirimento, presenten a documentación esixida na cláusula 16 do prego:

**- Xustificante do ingreso do canon ofertado.**

Sobre o mínimo establecido para cada posto, mediante acreditación ou recibo da Tesourería Municipal conforme se efectuou o ingreso polo importe do canon total dos cinco anos de duración da concesión.

**- Garantía definitiva.**

Xustificación da constitución da Tesourería municipal dunha garantía equivalente ao 3% do valor do dominio público ocupado por cada posto que se propoña de adxudicación.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DCA100R09V1C0Z7A5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2023SE068-004 Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 14:30:21	

A garantía constituirase en calquera das formas admitidas na LCSP (excepto retención no prezo), debendo axustarse e cumprir as condicións esixidas nos art. 55 a 58 do RD 1098/01, incluídos os anexos a que se refiren tales preceptos.

O Concello poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se encontren en situación de mora fronte ao mesmo, como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren sen pagar os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fora rexeitado pola Administración.

As garantías responderán do adecuado cumprimento das obrigas correspondentes aos concesionarios, segundo estes pregos e o Regulamento do mercado, así como das sancións que puideran imporse segundo este último. Isto sen prexuízo da esixencia das cantidades que, resultantes do anterior, non puideran ser satisfeitas con cargo a tal garantía, que poderán ser obtidas pola vía administrativa de constrinximento.

A diminución das garantías por estes motivos motivará o seu restablecemento, no prazo dun mes, ata acadar o seu importe inicial.

#### **- Xustificación das altas fiscais e tributarias, e do cumprimento destas obrigas.**

Deberá aportarse a alta no IAE no concello de Marín da persoa proposta como concesionaria para o exercicio da actividade ou actividades ás que destinará os postos. Así mesmo, aportarase alta da persoa, ou persoas, encargadas da súa explotación na Seguridade Social.

Engadiranse certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite que as persoas concesionarias propostas se encontran ao corrente das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e co Concello de Marín, así como respecto ás súas obrigas coa Seguridade Social, ou autorización ao Concello para obter de forma directa a súa acreditación, mediante declaración suficiente ante as Administracións tributarias e da Seguridade Social a estes efectos. Achegarase, no seu caso, o xustificante do último recibo sobre o IAE para Marín.

Todo de acordo e nos termos precisados polos art. 13 e ss do RD 1098/2001.

#### **- Póliza de seguro de responsabilidade civil.**

A concesionaria deberá concertar póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra o risco consistente nas responsabilidades que puideran derivarse da concesión.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DCA100R009V1C0Z7A5 en <a href="https://sede.concello demarin.es">https://sede.concello demarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2023SE068-004</b>
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 14:30:21	Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Deberá aportarse orixinal, ou copia auténtica, da correspondente póliza.

Esta póliza deberá manterse en vigor durante toda a vida do contrato, podendo substituírse por outras que manteñan as mesmas coberturas previa autorización municipal.

De non aportarse adecuadamente a documentación precisada no prazo sinalado, entenderase que o/a licitador/a retira a súa oferta, procedéndose nese caso a instar a mesma documentación ao/á licitador/a seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, sendo as 13:00 horas do día da data, levántase a sesión e esténdese a presente acta, que asina a Presidenta, coa Secretaria, que certifica.

A Presidenta da Mesa

A Secretaria da Mesa

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

CSV: 07E80013DCA100R009V1C0Z7A5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013DCA100R009V1C0Z7A5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b> MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 18/06/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 18/06/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/06/2024 14:30:21	EXPEDIENTE : 2023SE068-004 Fecha: 23/10/2023 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	---	--

